

REFLEXIÓN EN TEMPOS CONVULSOS (CON PALESTINA AO FONDO)

“O que máis fai sufrir ao poeta nas súas relacións co mundo é a falta de xustiza interna”
René Char

Hai momentos coma este onde o presente é pasado, e o futuro todo o real imaxinario que impide o apagamento definitivo da esperanza, reducida por mor da impotencia a unha limitada temporalidade subxectiva que non renuncia, con todo, á innata necesidade de ampliar e ensanchar a existencia, de saír dunha soidade imposta polas circunstancias adversas do poder, para chegar a reconsiderar a emerxencia doutro mundo máis xusto e amábel que ficou secuestrado pola historia dun fracaso colectivo ao que está sendo guiado se a conciencia do común non pon remedio á autodestrución.

Necesitamos aferrarnos a unha nova fe desprovista de sortilexios que nos axude a superar a crueza do presente, alentando o latexo dun futuro sen o lixo da carraxe nas entrañas, onde se renuncie á dialéctica da aniquilación e estruture e poida organizarse un espazo de solidariedade para todos os pobos do mundo, aberto ao diálogo coa natureza e cos homes e mulleres que o habitan sen distinción de orixe, sexo ou relixión.